

Organiza:



Colabora:



PROXECTO COFINANCIADO



FONDO SOCIAL EURO
"O FSE inviste no teu futuro"

DESTINATARIOS:

Docentes, educadores, coordinadores TIC, que queren introducir as novas tecnoloxías no seu traballo diario e na aula.

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Colexio Valle Inclán
Rúa Ensino, 20
32002-Ourense

DATAS DE CELEBRACIÓN:

Os días 2,4,9,11,16,18,25 y 30 de xuño
(martes e xoves)

HORARIO:

De 16:00 a 20:00 horas

Nº DE PRAZAS:

15

INSCRIPCIÓNS:

Antes do 28 de maio

PARA MAIS INFORMACIÓN:

690 093 980 / 981 940 020

editor



**CREACIÓN E USO
DE CONTIDOS DIXITAIS
COMO MATERIAL
DIDÁCTICO
(60h)
(presencial + teleformación)**

PROXECTO COFINANCIADO



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

OBXECTIVOS

Este curso centrarase na elaboración de materiais didácticos en formato dixital orientados ao seu emprego no ámbito educativo. O curso será fundamentalmente práctico, e as necesarias definicións de conceptos que se inclúen ao longo do mesmo pretenden fuxir de tecnicismos que, máis que axudar, poden dificultar o seu entendemento.

Mais, nalgúns casos, incluíranse explicacións estendidas e/ou ligazóns a fontes de información externas para aqueles alumnos e alumnas que desexen profundar máis sobre algunhas cuestións.

O obxectivo final é que ao remate do curso, o alumno ou alumna obteña un coñecemento xeral do que son os contidos dixitais e do seu contexto de uso, e adquira a destreza para elaborar de forma correcta os seus propios materiais educativos:

- Coñecer as características propias dos formatos dixitais, así como as diferentes cuestións a ter en conta á hora de abordar a creación dun material dixital.
- Acadar unha visión xeral das posibilidades existentes para a creación de contidos dixitais de distinta natureza e desenvolver as habilidades precisas para a súa creación.
- Profundar nas directrices que deben guiar o proceso de elaboración de materiais dixitais educativos.
- Estudar e usar algunhas das ferramentas máis coñecidas e útiles para a creación de contidos educativos dixitais como son e-ditor, cuadernia, constructor 2.0,... e que xeran contidos en formatos estándares compatibles co estándar SCORM.
- Poñer en práctica as destrezas adquiridas mediante a elaboración de materiais dixitais

ESTRUTURA E CONTIDOS

O Curso terá un total de 60 horas: 32 horas presenciais e 28 on-line.

Para a formación on-line utilizarase como plataforma Moodle e poñerase a disposición dos alumnos titores que dinamizarán, darán soporte a dúbidas, e farán unha avaliación dos alumnos.

Tanto a formación presencial como a on-line será eminentemente práctica, tal e como se pode ver no programa que se detalla a continuación.

PROGRAMA

- **Introdución. (3horas: 3t)**
 - Os contidos dixitais.
 - Formatos e tecnoloxías.
 - Dispositivos.
- **Recursos dixitais educativos. (5horas: 5t)**
 - Características.
 - Contexto de uso.
 - Principios de deseño.
 - Recompilación de recursos.
 - Elaboración do material.
- **Ferramentas de creación. (15horas: 5t+10p)**
 - Alternativas *open source*.
 - Ferramentas de propósito específico.
 - Ferramentas de propósito xeral.
- **Elaboración de materiais dixitais con e-ditor. (35horas: 5t+ 30p)**
 - Características de ferramenta.
 - Fases do proceso creativo.
 - Tipos de compoñentes.
 - Avaliación do material xerado.
- **Canles de distribución. (2horas:2t)**
 - Repositorios institucionais.
 - Plataformas comerciais

t:teoría, p:práctica

FICHA DE INSCRIPCIÓN

NOME E APELIDOS :

DNI: _____

CENTRO EDUCATIVO NO QUE TRABALLA:

CIF CENTRO DE TRABALLO:

E-MAIL DE CONTACTO (en letra lexible):

Estes datos enviaranse por

E-mail a: secretaria@cece-galicia.com